AS MÁQUINAS:

As **máquinas simples** son aquelas que están formadas por poucas pezas.

As **máquinas compostas** están formadas por moitas pezas.

As máquinas facilitan a realización de moitos traballos. Para cada actividade usamos as máquinas que nos resultan máis útiles. Por exemplo:
O martelo e o trade permítennos facer máis forza. A lámpada proporciónanos luz. O tren e o autobús permítennos desprazarnos con rapidez. A camioneta axúdanos a transportar mercadorías.

En moitos oficios e profesións úsanse máquinas. Para investigar, os científicos utilizan microscopios; para apagar o lume, os bombeiros usan extintores e mangueiras… Nas nosas casas as máquinas axúdannos a realizar numerosas tarefas: usamos o microondas para cociñar, a aspiradora para limpar e a videoconsola para entreternos.

As primeiras máquinas construíronse hai moitísimo tempo. Pouco a pouco foron mellorando e fixéronse máis seguras. Grazas aos avances da ciencia inventáronse novas máquinas. Nos últimos anos, a tecnoloxía permitiu fabricar máquinas moi complexas, como as naves espaciais.

LIVEWORKSHEETS

OS ORDENADORES:

Os ordenadores son máquinas que nos permiten realizar moitas tarefas: escribir textos, debuxar, xogar, escoitar música… Todos os ordenadores teñen os mesmos elementos básicos:

- A CPU, que fai funcionar o ordenador.
- Un teclado e un rato, para introducir datos.
- Unha pantalla, para ver os textos e as imaxes.
- Os ordenadores tamén teñen un disco duro para almacenar información.

Existen ordenadores de sobremesa e ordenadores portátiles.

Os teléfonos móbiles actuais e as tabletas tamén son ordenadores. Para utilizalos movemos os dedos pola pantalla en vez de utilizar o rato.

Internet é unha rede formada por ordenadores de todo o mundo que están conectados entre si. A través de Internet podemos comunicarnos con persoas doutros lugares, buscar información, ver películas…

LIVEWORKSHEETS

1) Que é unha máquina automática? Marca.

☐ Unha máquina que funciona coa nosa forza.

☐ Unha máquina que funciona con gasolina ou electricidade.

2) Escribe o nome dunha máquina en cada caso.

Funcionan con electricidade: _____

Funcionan con gasolina: _____

Funcionan coa nosa forza**:** _____

3) Como melloraron os ordenadores co paso do tempo? Marca as opcións correctas.

Os ordenadores actuais…

☐ son moito máis pequenos.

☐ permiten realizar máis tarefas.

☐ funcionan sen electricidade.

☐ traballan máis rapidamente.

☐ non necesitan pantalla.

4) Que é un coche eléctrico? Marca.

☐ Un coche que produce electricidade ao circular.

☐ Un coche que funciona con electricidade.

LIVEWORKSHEETS

5) Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

☐ As primeiras máquinas inventáronse hai dez anos.

☐ Todas as máquinas necesitan enerxía para funcionar.

☐ As máquinas axúdannos a realizar numerosas tarefas.

☐ As máquinas poden resultar perigosas para quen as utiliza.

6) Que máquina usarías para realizar cada tarefa? Escribe.

Para quentar a comida: _____

Para facer un burato na parede: _____

Para ver mellor as estrelas: _____

Para ver unha película: _____

Para transportar mercadorías: _____

LIVEWORKSHEETS